
MEMORIA DA UNIDADE DE IGUALDADE 2012-2013

A Universidade de Vigo, tralo traballo liderado pola Comisión de Igualdade, aprobou durante este ano académico, o seu «I Plan de Igualdade entre mulleres e homes (2012-2014)» que reúne o conxunto de accións que se deberán promover para lograr a igualdade real entre as mulleres e homes que conforman a súa comunidade universitaria.

Tamén neste ano, editado pola Unidade de Igualdade, publicouse o «Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario» que ofrece as estratexias necesarias para empregar unha linguaxe non discriminatoria.

Xornadas de innovación docente e investigación

O 14 de decembro tivo lugar a «II Xornada de Innovación en Xénero. Docencia e Investigación» dirixida a todo o persoal docente e investigador das universidades do Estado Español na que se presentaron 25 comunicacións e cuxa lección inaugural foi impartida por Cecilia Castaño Collado, catedrática de Economía Aplicada da Universidad Complutense de Madrid. Á Xornada asistiron 70 persoas e foi editada unha publicación recollendo as comunicacións da Xornada.

O 20 e 21 de xuño de 2013 tivo lugar a «I Xornada Universitaria Galega en Xénero» organizada polas tres universidades galegas e na que participou persoal docente e investigador de todas elas á que asistiron 80 persoas. A mesa coordinada pola Unidade de Igualdade de Vigo levaba por título «Corresponsabilidade e conciliación» e nela participou a profesora da McGill University, Colleen Sheppard.

Acto institucional do 8 de marzo

O primeiro acto institucional da nosa Universidade co gallo do 8 de marzo, «Día Internacional das Mulleres» tivo lugar no ano 2013. Neste acto, o reitor fixo entrega do primeiro premio *uviguala* que lle foi concedido ao Servizo de Deportes. No mesmo acto presentáronse as conclusións do proxecto «Compromiso e igualdade: Mulleres universitarias galegas durante o franquismo» por María Victoria Martins Rodríguez e Ángel Rodríguez Gallardo.

Axudas convocadas pola Unidade de Igualdade

Para o ano académico 2012-2013 a Unidade de Igualdade levou a cabo, a través das súas convocatorias de axudas, as seguintes actividades para impulsar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na Universidade de Vigo en colaboración con toda a comunidade universitaria:

Primeiro cuadrimestre:

- Concurso fotográfico: «A muller no traballo: rompendo o rol»
- Ciclo de conferencias: «Estereotipos de xénero, valores culturais e literatura infantil»
- «Xornada sobre xénero e empoderamento: Creando espazos para a Igualdade»
- Conferencia: « Mulleres de Irlanda na FFT: Escribir en feminino na Irlanda de hoxe» coa presenza de Mary O'Donnell e Evenlyn Conlon
- Ciclo de cine: «Pensar o cine IV: Os desafíos da igualdade»

Segundo cuadrimestre:

- Xornadas «Menores, violencia familiar e de xénero»
- Conferencia: «Escravas que queren ser libres:mulleres e espazos no sul norteamericano»
- Formación en xénero. «Violencia simbólica, violencia cultural»
- Conferencia: «A reivindicación das mulleres no século XIX: Joaquina García Balmaseda»
- Conferencia:« O discurso museal con perspectiva de xénero»
- Xornadas «Amor, medo e poder: espazos vitais sen violencia»
- Conferencia da Premio Nobel de Química Ada Yonath no Campus de Ourense
- Conferencia:« Escritoras e vangardas artísticas: Virginia Woolf e a pintura »
- Conferencia da poeta exipcia Iman Mersal

Actividade de sensibilización contra a violencia de xénero

En torno ao 25 de novembro «Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres», realizáronse nos 3 campus da Universidade de Vigo, proxeccións do vídeo de Alicia Framis *Secret Strike Lleida* onde se denuncia o inmovilismo institucional para afrontar a violencia contra as mulleres.

O vídeo foi emitido en bucle na Sala X de Pontevedra, na área comercial de Vigo e na Biblioteca do Campus de Ourense. A proxección ía acompañado dun texto da Unidade de Igualdade.

Actividades de visibilización

A Unidade de Igualdade ten como unha das súas prioridades contribuír á visibilizar as manifestacións artísticas das mulleres e a súa incursión na sociedade da contorna máis próxima. Por iso, patrocinou as seguintes actividades:

- «III Ciclo de Mulleres Creadoras» no Festival de Teatro Alternativo de Vigo que tivo lugar o 6 e o 10 de marzo en diversos escenarios da cidade de Vigo.
- Colaboración no Festival Sinsal Illa de San Simón realizado os días 31 de agosto e 1 de setembro con participación especial na mesa radiofónica «Muller e cultura: representación e diferenza»

Coa mesma orientación, levouse a cabo o «II Proxecto de Visibilización das obras artísticas das alumnas da Facultade de Belas Artes e de Ciencias Sociais de Pontevedra **ARTISTAS**» que repartiu máis de 50.000 postais de balde entre toda a comunidade universitaria e cuxa obra exposta en lona no Campus de Ourense foi visitada por numeroso público e medios de comunicación.

Así mesmo, a Unidade de Igualdade editou o calendario para o 2013 «Pioneiras galegas na universidade» que se pode descargar dende a súa páxina web.

Actividades de formación

Durante este ano académico a Unidade de Igualdade organizou en colaboración co Servizo de Persoal de Administración e Servizos e a Área de Formación e Innovación Educativa os seguintes cursos, seminarios e talleres:

Dirixido ao Persoal de Administración e Servizos:

- «Políticas públicas da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e promoción profesional» de 16 horas de duración desenvóléronse 3 edicións, unha cada campus da Universidade de Vigo que cursaron un total de 30 persoas.

Dirixido ao Persoal Docente e Investigador:

- «Seminario de Presentación da Guía para a inclusión da perspectiva de xénero nos contidos da investigación» de 2 horas de duración ao que asistiron 20 persoas.
- «Taller formativo para o PDI: Como incorporar a perspectiva de xénero nas guías docentes» cunha duración de 30 horas ao que asistiron 21 persoas.
- Taller «Formación en linguaxe inclusiva para o Persoal Docente e Investigador» con 12 horas de duración ao que asistiron 15 persoas.

Actividades de colaboración

A Unidade de Igualdade colaborou coa Área de Apoio á Docencia e Calidade no proceso de posta ao día de procedementos de calidade revisando o emprego dunha linguaxe inclusiva e o contido deles para incorporar a perspectiva de xénero.

Premios

Durante o curso académico 2012-13 convocouse o «I Premio de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero ANTONIA FERRÍN MOREIRAS» cuxo

primeiro premio foi concedido á guía didáctica *O clítoris e os seus segredos* e o accésit á memoria *Matemáticas en pé de igualdade*

Participación en encontros, xornadas e seminarios

A Unidade de Igualdade participou no VI Encontro das unidades de igualdade das universidades españolas realizado en Granada os días 23 e 24 de maio de 2013.